



## RESUMO DAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NAS NORMATIVAS E REGULAMENTOS DA FGVB Temporada 2024-2025

### NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

#### Modificacións propostas:

- Modificación das Normas Específicas do **Campionato Galego Benxamín:**
  - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes, tanto na fase de concentración como na Fase Final.
  - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas. Eliminada a referencia á segunda fase (fase final non aplica).
- Modificación das Normas Específicas do **Campionato Galego Prebenxamín:**
  - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes a 10.
  - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas
- Modificación das Normas Específicas do **Copa Alevín:**
  - o **Art. 1:** Modificado o número máximo de participantes, tanto na fase de concentración como na Fase Final.
  - o **Art. 2:** Limitación a 5 o número de equipos por proba nas probas abertas. Modificado o número de probas. Eliminada a referencia á segunda fase (fase final non aplica).
  - o **Art. 3:** Eliminada a referencia á Segunda Fase.
  - o **Art. 4.3:** Eliminado o falar da Fase Final (non procede) (reordénanse os puntos restantes).

### REGRAS DE XOGO ALEVÍN/BENXAMÍN

#### Modificacións propostas:

- **Art. 5.3:** Engadida a obriga de que en categoría benxamín todos os xogadores teñen que participar no encontro, excepto nos partidos correspondentes á Fase Final do Campionato Galego.

### REGRAS DE XOGO PREBENXAMÍN

#### Modificacións propostas:

- **Art. 5.3:** Engadida a obriga de que todos os xogadores teñen que participar no encontro.

### NORMAS XERAIS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA

#### Modificacións propostas:

- **Art. 3:** Engadida referencia as normas específicas de cada categoría.
- **Art. 4:** Eliminado o parágrafo que prohíbe o pago de inscrición nas categorías de base.
- **Art. 5.3:** Engadida referencia a plataforma para a tramitación de licenzas.
- **Art. 5.6:** Eliminada a referencia a publicación de procedemento de tramitación de licenzas o inicio da tempada.
- **Art. 14.2:** Engadida referencia a convocatoria ten que ser de vólei praia.

## **NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPETICIÓN DE VÓLEI PRAIA**

### **Modificacións propostas:**

- Modificación das Normas Específicas dos **Campionatos Galegos de Categorías Inferiores:**
  - o **Art. 3:** Modificado o termo normas por base..
  - o **Art. 5.2:** Modificado o número de integrantes por equipo nas categorías Alevín, e para a Proba Final das categorías Infantil e Cadete.
  - o **Art. 6.2:** Modificada a admisión de participantes nas Categorías inferiores.
  - o **Art. 7.3:** Modificado o criterio de asignación de prazas para competir nos campionatos de España de Clubs.
  - o **Art. 8:** Engadido o prazo de presentación ante a Organización/dirección da proba.
  - o **Art. 9:** Modificado o balón oficial (actualizado a modelo novo) e a numeración nas camisetas.
  - o **Art. 11.1:** Eliminación do parágrafo que contén o equipo campión do Circuito.
  - o **Art. 11.4:** Eliminación do parágrafo ao estar xa recollido no punto 7.3.
  - o **Art. 12:** Modificado o nome do título de Campión Galego de Clubs de Vólei praia. Eliminado o título de Campión Galego de Clubs, ao estar duplicado cos gañadores de cada categoría.
  - o Con carácter xeral substitúese a expresión “Normas Específicas do Torneo” por “Bases Específicas”, para evitar confusión entre os distintos documentos.
- Modificación das Normas Específicas do **Campionatos Galegos de Sénior:**
  - o **Art. 9.3:** Modificado o sistema de premiación.
  - o **Art. 10.1:** Modificado o contido, referenciando o Regulamento Técnico de vólei praia.

## **REGULAMENTO TÉCNICO DE VÓLEI PRAIA**

### **Modificacións propostas:**

- **Art. 28:** Modificada a hora para a comunicación para cambio de parella/retirada da competición.
- **Art. 50:** Modificada a referencia da táboa do RNVP polo contido no Anexo I.
- **Anexo I:** Modificado o texto do RNVP, referenciando a normativa da RFEVb. Engadido o texto que determina a puntuación para as probas do Ranking Galego.